


D I T A M E

Ditame
2/05

sobre o anteproxecto de
**Lei de
prevención ambiental
integrada de Galicia**



APROBADO POLO PLENO O 29 DE ABRIL



1.- ANTECEDENTES

1.- En data 16 de febreiro tivo entrada no Consello Económico e Social oficio do presidente da Xunta de Galicia remitindo, para o seu preceptivo ditame, o borrador do anteproxecto de Lei de Prevención Ambiental Integrada de Galicia.

2.- O texto do borrador foi enviado, nesa mesma data, ao presidente e aos membros da Comisión Sectorial nº2: *Sector público e benestar social*, competente por razón da materia, para a elaboración da correspondente proposta de ditame. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente, con data 16 de febreiro, da entrada de solicitude de ditame.

3.- Con data 23 de febreiro, o seu presidente convoca á Comisión Sectorial nº2 para o 7 de marzo, co fin de iniciar os traballos de reflexión sobre a proposta de ditame.

4.- A Comisión Sectorial, na súa sesión 5/05, acorda aprobar por unanimidade a proposta de Ditame, con data 18 de abril, e a remite ao presidente do Consello para a súa tramitación.

5.- O presidente do CES, de acordo coa Comisión Permanente do organismo, convoca o Pleno do Consello, que na súa sesión 2/05, de 29 de abril, e tras coñecer o texto remitido, acorda aprobar por unanimidade o seguinte

DITAME

sobre o anteproxecto de Lei de prevención ambiental integrada de Galicia

2.- ESTRUCTURA E CONTIDO

O Anteproxecto sometido a ditame está estruturado en catro Títulos, que comprenden un total de 44 artigos, sete Disposicións Adicionais, catro Disposicións Transitorias, unha Disposición Derrogatoria e dúas Disposicións Derradeiras. Con este Anteproxecto de Lei

Quedan derrogadas as seguintes normas:

- Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de Protección Ambiental de Galicia.
- Decreto 442/1990, do 13 de setembro, de avaliación de impacto ambiental para Galicia.
- Decreto 327/1991, de 20 de outubro, de avaliación dos efectos ambientais de Galicia.

O Título I da Lei, establece as disposicións xerais que permiten a correcta interpretación da Lei, regulando o seu obxecto, finalidades, principios rectores e inspiradores da mesma e o ámbito de protección. De igual xeito, incorpóranse definicións que pretenden aclarar o sentido dos preceptos incluídos nela.

O Título II, regula os distintos réximes de intervención administrativa, contén, no capítulo I, as disposicións xerais, o Capítulo II establece un réxime de avaliación ambiental; o Capítulo III regula a autorización ambiental integrada, avaliación de impacto ambiental e control ambiental para a construción, montaxe, explotación ou traslado, así como a modificación substancial das instalacións e actividades incluídas na normativa básica estatal e na de desenvolvemento da presente Lei; o Capítulo IV aborda o réxime de licenza municipal ambiental e control ambiental para a implantación ou cambio substancial das actividades non sometidas a autorización ambiental integrada, que se recollan na normativa de desenvolvemento da presente Lei; o Capítulo V regula o control das actividades sometidas a autorización ambiental ou licenza municipal ambiental e, finalmente, o Capítulo VI establece a comunicación para o resto das actividades que se recollan na normativa de desenvolvemento regulamentario da presente Lei.

O Título III aborda os instrumentos de política ambiental regulando o

pacto ambiental, a ecoxestión e ecoauditoría e os distintivos de calidade ambiental.

Por último, o Título IV, relativo á Disciplina ambiental, dedica a Sección I á inspección e vixilancia, e a Sección II ó Réxime sancionador establecendo un catálogo de infraccións e sancións, fixa ademais a obriga de repoñer os bens o seu estado anterior e pagar a correspondente indemnización polos danos e prexuízos. Igualmente se delimitan neste Título as responsabilidades polas infraccións cometidas e a suspensión da execucións de plans, programas ou proxectos, e os órganos competentes para a imposición de sancións.

3.- OBSERVACIÓNS XERAIS

1.- O CES valora positivamente a oportunidade e sentido do anteproxecto de lei sometido a ditame, por canto supón de mellora da seguridade xurídica ao recoller nun só corpo legal a normativa existente.

O CES considera necesario que os anteproxectos de lei sometidos ao seu ditame, especialmente cando teñan incidencia económica, se acompañen das memorias económicas e das memorias xustificativas correspondentes.

Por outra banda, O CES insta á Administración a que coa maior celeridade posible se desenvolva regulamentariamente a presente Lei, para reducir o período no que subsiste a vixencia da Lei estatal de Impacto Ambiental e o RAMINP, dado que poderían ocasionarse dúbidas sobre o procedemento a aplicar.

2.- O Anteproxecto de Lei sometido ao ditame do Consello Económico e social de Galicia, establece a regulación que permitirá deixar sen aplicación en Galicia o réxime das denominadas «actividades clasificadas» regulado polo RAMINP; este regulamento ten demostrado na súa aplicación unha boa eficacia para a regulación normativa das actividades cualificadas, polo que o CES entende que resultaría positivo salvar ou incorporar os seus contidos básicos nos novos desenvolvementos regulamentarios.

O CES considera que se debería mellorar a norma de procedencia, ou desenvolver regulamentariamente os seguintes aspectos básicos:

- Rexistros: publicidade de todo o informe de emisións das empresas, e non só dos parámetros que superen os límites.
- Presencia dos axentes económicos e sociais, organizacións empresariais e sindicatos.
- Incorporación nos desenvolvementos regulamentarios de criterios explícitos para a toma en consideración da dispoñibilidade de recursos -auga, enerxía, materias primas- nas zonas de localización das actividades. Especialmente no caso da auga, a súa dispoñibilidade real e as medidas para o seu uso eficaz.
- Necesaria dotación de recursos económicos e de persoal para unha efectiva aplicación da norma.
- Desenvolvemento da información de referencia: vulnerabilidade do territorio, dispersión de contaminantes, dispoñibilidade de recursos, etc.
- En relación coa información ambiental e a participación social que o proxecto de Lei formula en varios dos seus apartados, o CES considera que para cumprir adecuadamente esa finalidade esta norma debe desenvolver a Directiva 2003/35/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de maio de 2003, pola que se establecen medidas para a participación do público na elaboración de determinados plans e programas relacionados co medio natural e pola que se modifican, no tocante á participación do público e o acceso á xustiza, as Directivas 85/337/CE e 96/61/CE do Consello, así como a Ley 38/1995, de 13 de diciembre, de Derecho de acceso a la información en materia de medio ambiente.

3.- O CES entende que a Lei de prevención ambiental integrada de Galicia debería garantir o cumprimento dos dereitos de información e consulta dos traballadores e traballadoras, de acordo coa normativa establecida.

4.- O Real Decreto sobre limitación de emisións de COV (Compostos Orgánicos Volátiles) traspón a lexislación española á Directiva 1999/13/CE e imponlles aos titulares de determinadas actividades que utilicen disolventes a

obriga de reduciren as emisións mediante a substitución das substancias usadas ou, en calquera caso, non superar os límites de emisións establecidos na norma. Así mesmo, establece a obriga de notificación, para o seu rexistro, ás autoridades competentes para aquelas actividades non afectadas pola lei 16/2002. O CES considera que esta Lei de prevención ambiental integrada de Galicia debería recoller pola súa «proximidade xurídica» o procedemento de rexistro mencionado.

5.- O CES considera que, en aras de limita-la xeneralidade e de evitar a posibilidade de discrecionalidade da presente Lei, debería facer un esforzo de concreción e de clarificación das definicións dos conceptos dados no texto da norma. Neste senso, o CES entende importante a inclusión de anexos nos que se especifique as actividades que, ademais das contempladas no anexo 1 da Lei 16/2002, de 1 de xullo de prevención e control integrados da contaminación, quedarán reguladas por esta Lei. Neste senso, o CES considera que a inclusión de actividades adicionais ás reguladas polo anexo 1 da lei 16/2002, debería realizarse previa consulta co órgano colexiado competente no que estean representados os axentes económicos e sociais.

4.- OBSERVACIÓNS PARTICULARES

1.- O Consello Económico e Social de Galicia, como órgano de carácter consultivo en materia socioeconómica da Xunta de Galicia, ten, entre outras, a función de emitir ditames de carácter preceptivo en anteproxectos de lei de especial transcendencia económica e social como particularmente o Anteproxecto de lei de Prevención Ambiental Integrada de Galicia.

Neste senso, o CES considera que na **exposición de motivos** do Anteproxecto de lei obxecto de ditame debería incluírse unha mención á consulta previa ó Consello Económico e Social de Galicia, así como ó Consello Galego de Medioambiente.

Así mesmo, o CES entende que no penúltimo parágrafo do punto II da exposición de motivos do anteproxecto de Lei obxecto de ditame, onde di: “(...) *controlar de forma integrada o impacto de certa actividades industriais de alto potencial (...)*”, debería dicir: “(...) ***controlar de forma integrada o impacto de certa actividades industriais, e outras con incidencia ambiental, de alto potencial (...)***”, en coherencia co exposto posteriormente no texto normativo.

2.- O **artigo 1** do Anteproxecto de Lei de Prevención Ambiental Integrada de Galicia regula o obxecto da Lei.

O CES entende que para maior claridade e globalidade na redacción do citado artigo, deberían incluírse xunto cos plans, programas e proxectos, as actuacións públicas e privadas.

3.- O **artigo 3** do Anteproxecto de Lei de Prevención Ambiental Integrada de Galicia expón os principios rectores e inspiradores da citada Lei.

O CES considera que se debería por en relación o termo “desenvolvemento sostible”, definido neste artigo como un dos principios inspiradores desta lei, co establecemento de indicadores de sostenibilidade económicos e físicos.

O CES entende tamén que se debería de eliminar o apartado f) “De internalización dos custos ambientais no valor dos produtos, bens e servicios”, xa que non se considera obxecto desta Lei.

4.- O artigo 5 do anteproxecto de lei sometido a ditame define unha serie de conceptos aos efectos da presente Lei.

O CES entende que na definición dalgúns dos conceptos incluídos neste artigo deberían incluírse baremos que posibiliten con criterios obxectivos a aplicación do que se manifesta; e, en todo caso, debería remitirse ao regulamento a concreción destas cuestións.

Así mesmo, no **apartado c) do artigo 5**, o CES entende que se debería de substituír a expresión “*poña*” por “*puxese*”.

No **apartado p) do artigo 5**, o CES considera que, en aras de incluír, entre outras, ás explotacións agrogandeiras con instalacións separadas, debería substituírse a expresión: “*(...) de instalacións que teñan a mesma ubicación e sexan explotadas polo mesmo titular.*”, pola expresión seguinte:

“(...) de instalacións que teñan a mesma ubicación e/ou sexan explotadas polo mesmo titular”.

Finalmente, o CES entende que, en todo caso, o informe de avaliación ambiental, a análise medioambiental inicial e a autorización ambiental integrada, definidos nos **apartados m), o), e p), do artigo 5**, deberían ser obxecto de resolución motivada do órgano competente.

5.- O apartado b) do artigo 6 do anteproxecto de Lei obxecto de ditame regula, dentro do réxime de intervención administrativa, a autorización ambiental integrada. Neste apartado b) expónse que, no caso de instalacións e actividades existentes, a avaliación de impacto ambiental substituírase por unha análise medioambiental inicial.

Dada a definición de “análise medioambiental inicial” que o anteproxecto de Lei dá no apartado n) do artigo 5, referida a actividades que se pretenden levar a cabo nunha instalación, o CES considera que sería oportuno clarificar

si a análise medioambiental inicial precísase para actividades xa iniciadas ou, polo contrario, se esta análise se refire a actividades que se pretenden levar a cabo nun futuro.

6.- O artigo 8 do anteproxecto de Lei sometido a ditame regula a delegación de competencias.

No apartado 5 do citado artigo 8, o CES entende que onde di: “(...) *a xestión ambiental da entidade local beneficiaria da delegación* (...)”, debería dicir :”(...) *a xestión ambiental da entidade local delegada* (...)”.

7.- O artigo 9 da norma ditaminada regula as fianzas ambientais.

O CES considera que onde di: “(...) *prestación dunha fianza que cubra a reparación dos posibles danos e o posible custo da restauración.*”, debería dicir: “*prestación dunha fianza na contía que regulamentariamente se estableza*”.

8.- O artigo 12 do anteproxecto de Lei regula o informe de avaliación ambiental de plans e programas.

O CES entende que se debería modificar a redacción do apartado 2 do artigo 12 de xeito que a existencia dun informe de avaliación ambiental favorable fose requisito previo e indispensable para a aprobación do plan ou programa.

9.- O artigo 20 do Anteproxecto de Lei regula o prazo máximo de resolución e notificación, que será de nove meses contados desde a data na que a solicitude tivera entrada no rexistro da Consellería competente.

O CES considera que se debería incluír como segundo parágrafo do apartado 1 do artigo 20 o seguinte texto:

“Non obstante, as Administracións Públicas responsables da resolución dos procedementos e sen detrimento da calidade dos preceptivos informes técnicos, procurarán acadar a maior celeridade na tramitación dos mesmos”.

10.- O artigo 22 do Anteproxecto de Lei sometido a ditame expón o obxecto e a finalidade da licencia municipal.

Sendo o obxecto da licencia municipal comprobar a adecuación dos proxectos ás ordenanzas dos concellos e, se ben a disposición adicional cuarta establece o prazo dun ano para que os concellos dispoñan delas, o CES considera que habería que garantir os recursos suficientes para que os concellos poidan cumprir coa obriga, sobre todo se temos en conta as dificultades orzamentarias que moitos dos concellos presentan ano tras ano.

11.- O artigo 25 do Anteproxecto de Lei de Prevención Ambiental Integrada de Galicia regula o procedemento de outorgamento da licencia municipal ambiental, establecendo un período de información pública e audiencia ós interesados de vinte días.

O CES considera que a información pública e audiencia ós interesados debería ser por un prazo de 30 días.

O CES entende que debería concretarse que o prazo máximo de resolución e notificación aos interesados é de tres meses dende a solicitude da licencia.

12.- O Título III do Anteproxecto de Lei sometido a ditame regula os instrumentos de política ambiental, o pacto ambiental, a coxestión e ecoauditoría e os distintivos de calidade ambiental.

A entrada en vigor do Anteproxecto de Lei sometido a ditame do CES supón a derogación da Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de Protección Ambiental de Galicia, que no seu artigo 28 creou o Consello Galego de Medio Ambiente como órgano consultivo da administración ambiental. O CES considera importante que, a fin de cumprir o principio de participación pública e de establecer unha vía de participación dos estamentos interesados da sociedade galega, se contemple neste anteproxecto de Lei a creación dun órgano de representación institucional con unha adecuada participación dos axentes económicos e sociais.

13.- No **artigo 30** do Anteproxecto de Lei sometido a ditame regúlase o pacto ambiental como instrumento de política ambiental.

O CES entende que se debería incluír no apartado 2 do citado artigo 30 unha mención expresa aos sindicatos. Neste senso, o CES propón a seguinte redacción que modificaría a última frase do primeiro parágrafo do apartado 2 do artigo 30: “(...) *En particular, poderanse acordar pactos cos axentes productivos, organizacións empresariais e sindicais, cos seguintes obxectivos...*”.

14.- O **artigo 32** do Anteproxecto de Lei regula os distintivos de calidade ambiental.

O CES considera importante aproveitar a oportunidade que ofrece este anteproxecto de Lei para tratar de incorporar como un criterio adicional favorable, á hora de outorgar un distintivo, o compromiso das empresas de avanzar cara a unha maior responsabilidade social corporativa.

15.- Os **artigos 36 e 37** do anteproxecto de Lei regulan as denuncias de deficiencias no funcionamento e a comunicación de irregularidades respectivamente.

O CES entende necesario que estas cuestións sexan desenvolvidas regulamentariamente dada a súa importancia e posible repercusión.

16.- O **artigo 39** do Anteproxecto de Lei obxecto de ditame establece a posibilidade de que organismos colaboradores da Administración realicen tarefas de inspección e vixilancia.

O CES entende que se debería de suprimir toda referencia a organismos colaboradores da Administración, tanto no citado artigo 39, como no apartado b) do punto 2 do artigo 27, podendo ser obxecto, no seu caso, de desenvolvemento regulamentario.

17.- O **artigo 42.2** regula as infraccións moi graves, e o **apartado 3** do mesmo artigo regula as infraccións graves.

O CES entende que, en coherencia co apartado 3 do artigo 42, os subapartados a), b), e c), do apartado 2 artigo 42 debería integrarse nun só apartado.

18.- O apartado 1 do artigo 43 do Anteproxecto de Lei sometido a ditame regula os prazos de prescrición das infraccións ás que se refire a Lei.

O CES considera que, en coherencia cos artigos 42 e 44 do presente Anteproxecto de Lei, a orde na que se refiren as prescricións debería ser inversa.

19.- O artigo 47 regula a gradación das sancións.

En opinión do CES, o apartado 4 do citado artigo debería dividirse en dous apartados, incluíndo no primeiro o grao de incidencia, e no segundo o resto do apartado, dado que se consideran criterios distintos.

20.- A Disposición Adicional cuarta do anteproxecto de Lei regula un prazo dun ano para que os concellos de Galicia se adapten ás ordenanzas en materia de licencias ambientais, ó disposto na presente Lei e no Regulamento

O CES entende que un prazo de seis meses sería suficiente para esta adaptación, cara a non alongar no tempo procesos regularizadores sectoriais, e aclarar o panorama normativo.

21.- Na Disposición transitoria segunda do Anteproxecto de Lei de Prevención Ambiental Integrada de Galicia establécese a obriga dos titulares das instalacións existentes de adaptarse ás esixencias contempladas na presente Lei con anterioridade ó 30 de outubro de 2007.

O CES entende que, dado que non se coñece o prazo de publicación do Regulamento de desenvolvemento da presente Lei, o prazo do que dispoñen os titulares das instalacións existentes para adaptarse ás esixencias contempladas na presente lei, non debería ser fixo, senón que debería establecerse, tomando como referencia a data de publicación do citado Regulamento.

22.- No **punto 2** da **Disposición Final primeira**, regulase o prazo e materias do Regulamento de desenvolvemento da presente Lei.

O CES entende que debería substituírse a expresión “*dende a entrada en vigor*” por “*dende a publicación*”.

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2005

Vº e P.
O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

Asdo.: Pablo Egerique Martínez

Asdo.: Eliseo Sastre Serrano